



Plan para a introdución e dinamización das Tecnoloxías da Información e Comunicación

APROBADO: Setembro 2019

C.E.I.P. Pedro Antonio Cerviño



ÍNDICE:

- 1.- Introducción e xustificación
- 2.- Estudio inicial
 - 2.1.- Análise da situación actual.
 - 2.2.- Recursos dispoñibles
- 3.- Posta en práctica do plan: Obxectivos, contidos, actividades e metodoloxía
 - 3.1.- Medidas específicas para a atención á diversidade e n.e.e.
- 4.- Organización espacio – temporal.
 - 4.1.- O Equipo para a introdución das T.I.C.
 - 4.2.- Horarios de uso da aula de informática
 - 4.3.- Temporalización
 - 4.4.- Normas de uso da aula de informática
 - 4.5.- Indicacións organizativas das Aulas Abalar
- 5.- Coordinación coa Biblioteca.
- 6.- A web do centro
- 7.- Formación do profesorado
- 8.- Proxecto Edixgal - Abalar
- 9.- Avaliación e seguimento do plan
- 10.- Difusión do plan na comunidade escolar

1.- Introducción e xustificación:

O Ley Orgánica de Educación (LOMCE) establece entre as súas competencias básicas a **competencia dixital** consistente en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento. Para acadar entre o alumnado esta competencia faise imprescindible a introducción das Tecnoloxías da Información e Comunicación no centro educativo facéndoo extensible ó resto da comunidade educativa.

Este plan xorde como consecuencia da aplicación da mesma cal indica a necesidade de crear en cada centro un plan de introducción das tecnoloxías da información e da comunicación (DOGA nº 132 do 9 de xullo de 2007).

Por outra banda, a incorporación do centro ó Proxecto Abalar no curso 2012-2013, a posterior incorporación ó Proxecto Edixgal no curso 2019-2020, supón a necesidade de reelaborar este plan para adaptalo á nova situación e contemplar as implicacións qe supón a posta en práctica deste proxecto.

Asemade a introducción da robótica educativa como áreas de Libre Elección de centro nos niveis de 4º e 6º de primaria, así como nos diferentes niveis tanto de Infantil como de Primaria, fai necesaria a súa incorporación a este plan.

Este plan, unha vez aprobado, formará parte do Proxecto educativo do centro é a Programación Xeral Anual, coas modificacións pertinentes co paso dos cursos académicos.

2.- Estudio inicial

2.1.- Análise da situación actual:

Nos últimos anos o C.E.I.P. Pedro Antonio Cerviño levou a cabo certas actuacións encamiñadas a introducir as T.I.C. e o seu uso no centro. Por unha banda existe desde hai varios anos unha **páxina web** (<http://centros.edu.xunta.es/ceippedroantoniocervino>), desde a que se levaron a cabo unha serie de actividades e accións encamiñadas a difundir o das T.I.C. entre a comunidade escolar. Este sitio web convertiuse nun referente educativo no centro, así como entre

as familias, o que permitiu a incorporación do uso das T.I.C nos fogares, sendo os alumnos e alumnas os transmisores do funcionamento e características do sitio web.

Do mesmo xeito o uso do correo electrónico é xa habitual entre o profesorado, se ben aínda queda por desenvolver o seu uso como vía de comunicación por parte dos pais/nais e o Centro. O profesorado que asistiu en anos precedentes a cursos de **Alfabetización dixital** impartidos no propio Centro.

No tocante ó alumnado moitos deles empregan cos seus mestres, de xeito habitual a aula de informática, e participan en experiencias como a levada a cabo coa **votación online** a través da web, da mascota de biblioteca escolar, e emprego das ferramentas educativas dispoñibles nos diferentes recantos da web.

O profesorado foi implicándose ó longo destes anos no uso da web do centro, o que permitiu compartir experiencias educativas así como empregar diferentes recursos TIC co seu alumnado.

Nun momento inicial, na primeira elaboración deste proxecto levouse a cabo unha enquisa entre as familias para valorar a presenza das T.I.C na súa vida coitá, neste momento varios anos despois comprobamos como se incrementou de forma notable tanto a presenza como o uso do das ferramentas T.I.C.

O uso das T.I.C. por parte do docente, fóra da práctica diaria na aula, é maior que no contacto directo cos mesmos, polo que é necesaria unha reflexión e tomar unha serie de medidas que permitan trocar esta situación, sobre todo tendo en conta a alta valoración dada polos docentes á importancia do uso das T.I.C. na práctica docente.

Ó respecto das dificultades atopadas polos docentes maioritariamente faise referencia á falta de preparación e dominio das mesmas, polo que será necesario fomentar entre o profesorado a participación en actividades de formación así como a colaboración entre os docentes para unha aprendizaxe mutua.

Ó respecto do resto dos axentes implicados (alumnos, pais/nais) se ben están por realizar aínda, enquisas deste tipo, si se realizaron sondaxes tradicionais para observar a penetración e uso das T.I.C. , observándose unha presenza cada vez maior dos equipos informáticos nas casa, así como do seu uso por parte dos alumnos, feito constatado polo interese amosado polas familias nas convocatorias públicas de axuda para a adquisición de equipos informáticos.

2.2.- Recursos tecnolóxicos dispoñibles:

Na actualidade o centro conta unha aula de **informática** dotada de 10 equipos conectados en rede a internet, nesta mesma aula está dispoñible e permanentemente montado o conxunto **proyector+pantalla interactiva**. Esta prevista a substitución dos equipos avariados mercando novos equipos informáticos.

Por outra banda, como pertencentes á rede de **centros Abalar-Edixgal**, contamos con aulas de quinto e sexto co equipamento establecido no proxecto (ultraportátiles, carro de carga, punto wifi propio, servidor Abalar de centro, E.D.I, portátil do mestre e proyector en ámbalas dúas aulas.).

Ademáis da rede wifi Abalar, o centro conta con **conexión a internet en tódalas aulas como resultado dun proxecto de “red.es”, e acceso wifi en todo o centro**.

As aulas de **Educación Infantil** contan cun E.D.I e proyector, ademais de moitas das aulas do centro, podendo ser empregados os restos dos proxectores, de uso común para o centro, polas restantes aulas se así o desexan. O obxectivo final é que tódalas aulas conten con proyector e pantalla.

A **Biblioteca do Centro** dispón de proyector propio e pantalla de proxección.

Tódalas **aulas contan con, alomenos un ordenador propio**, se ben a intención é incrementar a presenza destes equipos por aula a medida en que se atopen dispoñibles.

Dous equipos atópanse **á disposición do profesorado** para os seus labores de preparación docente, ambos conectados a internet. Xunto a eles está a disposición do profesorado varios equipos portátiles para empregalos nas aulas nas que non existe polo momento ordenador propio.

Os restantes equipos están distribuídos entre as dependencias administrativas ou para uso do Equipo directivo.

Ademáis o centro conta dous scanners, varias impresoras impresoras, cámaras fotográficas dixitais e equipo de megafonía, que se combina no seu uso cun equipo portátil para levar a cabo festivais ou celebrar determinadas conmemoracións..

Contamos asemade cunha **aula-obradoiro de robótica** no que temos dispoñibles, para o uso do profesorado segundo unha quenda establecida, así como do alumnado de forma autónoma nalgún dos recreos, diferentes robots co software necesario para o seu manexo de ser o caso: beebot, probot, wedo, m-bot, pirámide holográfica...

3.- Posta en práctica do plan: *Obxectivos, contidos, actividades e metodoloxía.*

Atendendo ás indicacións marcadas pola Administración para a redacción deste Plan, indícaranse a continuación os obxectivos que a longo e a curto prazo se pretenden acadar. Asemade e coa fin de amosar dun xeito sinxelo e claro todo o proceso que pretendemos levar a cabo, indicaremos todos os aspectos enumerados neste epígrafe a modo de táboa:

Obxectivos

A longo prazo	A curto prazo
<p>Para o alumnado:</p> <ul style="list-style-type: none"> Potenciar a capacidade de razoamento e motivación por aprender aproveitando ás T.I.C. como recursos altamente motivadores. Adquirir estratexias que lles permitan obter e xestionar a información obtida a través das T.I.C. Empregar as T.I.C. como medio de creación, integración e cooperación cos demais, así como de vía para a transmisión en liberdade das propias ideas. Potenciar as comunicacións entre iguais para intercambiar información, coñecementos, adquirindo hábitos de respecto e cortesía nas comunicacións telemáticas Coñecer o potencial das T.I.C. na autoaprendizaxe e formación continua ó logo da vida. Coñecer o potencial da robótica educativa como ferramenta para o desenvolvemento das Competencias Clave, en especial da CMCT. <p>Para o profesorado:</p> <ul style="list-style-type: none"> Empregar as T.I.C. recoñecendo as súas potencialidades como un recurso máis na práctica docente diaria. Adecuar o uso das diferente T.I.C. á idade e contidos de xeito que se permita acadar os obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo. Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente de xeito que se aproveite todo o potencial que despregan as T.I.C. Empregar as T.I.C. para os traballos cotiás así como na propia aula, abrindo o espectro de recursos existentes ó alcance do alumnado. Consultar e obter información a través das T.I.C. que permitan a autoformación e perfeccionamento docente. 	<p>Para o alumnado:</p> <ul style="list-style-type: none"> Adquirir hábitos de seguridade e autocontrol no uso de internet. Adquirir ferramentas que permitan o aproveitamento das T.I.C. na súa autoformación. Comprender a idea de “comunidade” e colaboración como principio fundamental no que se sustenta internet. Adquirir unha visión crítica e reflexiva do contido obtido da rede. Adquirir habilidades que permitan empregar as T.I.C. de xeito eficiente, adecuando cada unha das tecnoloxías ó resultado que se queira obter. Ser capaces de buscar información (gráfica, texto ou multimedia) en internet adquirindo estratexias de busca eficaces. Coñecer o uso básico de robots educativos aplicando os coñecementos lóxicos matemáticos que posuen <p>Para o profesorado:</p> <ul style="list-style-type: none"> Aquirir nocións básicas no uso das T.I.C. de xeito que permitan empregarlas, de xeito progresivo, nas aulas como un recurso máis. Aceptar o valor motivador destas tecnoloxías para o alumnado, sobre todo nos alumnos/as con n.e.e. Cambiar de forma gradual a concepción metodolóxica convencional, de xeito que se permita a inclusión das T.I.C. de xeito eficaz e real. Participar activamente nas propostas do Equipo das T.I.C. e aportar novas ideas e melloras. Coñecer e levar á práctica as

<ul style="list-style-type: none"> Adquirir coñecementos sobre o uso de robots educativos, de xeito que poidan introducilos nas súas planificacións para o traballo na aula. <p>Para a comunidade escolar:</p> <ul style="list-style-type: none"> Fomentar o uso da páxina web do Centro como espazo de comunicación e introducción en internet. Impulsar a comunicación con outros centros, localidades de xeito que se permita un enriquecemento mutuo. Lograr a integración das T.I.C. como un medio dinámico de información e de contacto con tódolos axentes implicados no proceso educativo. Poñer en marcha a través da A.N.P.A. do Centro mecanismos que permitan ós pais/nais aproveitar os recursos informáticos, adquirido coñecementos sobre as T.I.C. Fomentar a superación de limitacións de acceso ás T.I.C. derivadas das desigualdades sociais. 	<p>potencialidades das T.I.C.</p> <ul style="list-style-type: none"> Introducir a robótica educativa dentro das ferramentas a empregar nas súas dinámicas da aula. <p>Para a comunidade escolar:</p> <ul style="list-style-type: none"> Fomentar a web do Centro como fonte de información para as familias e resto da comunidade escolar Fomentar que a A.N.P.A. empregue o espazo habilitado na web do centro. Coñecer as vías de acceso ás diferentes tecnoloxías (axudas, acceso gratuito a internet...) Fomento do uso das Novas Tecnoloxías en ámbitos relacionados co Centro educativo.
---	--

Actividades e actuacións concretas

Destinadas a...	Secuenciación - temporalización
<p>Alumnado no seu conxunto:</p> <ul style="list-style-type: none"> - <u>Aula virtual – web quest:</u> Creación dun espazo na web do centro no que se poidan incluír actividades e traballos para realizar online. - <u>Banco de recursos:</u> Elaborado polos alumnos/as incluírá elementos que serán obtidos no transcurso da vida da aula, insertados no currículo oficial. - <u>Pantalla interactiva:</u> Uso do encerado dixital con diferentes actividades, neste senso é importante sobre todo nos primeiros contactos en infantil. - <u>Búsqueda de información:</u> Busca de información en internet, previamente se indicarán estratexias adecuadas para a busca e transformación desa información. - <u>Programas educativos:</u> Traballo con software educativo, tanto elaborado polo propio centro como comercial ou de balde. - <u>Ordenador da aula:</u> Usar o ordenador da aula como un recurso máis da aula ó alcance dos alumnos. - <u>Cámara dixital:</u> Actividades coa cámara dixital (observar o paso do tempo, transformación de imaxes...) 	<ul style="list-style-type: none"> ❖ As actividades propostas para os alumnos secuenciaranse no tempo segundo a planificación realizada polo mestre titor que as leve a cabo. ❖ No caso de actividades de carácter grupal ou a nivel Centro, terase en conta a idade e competencia dixital dos alumnos para coñecer o nivel de esixencia. ❖ Nos alumnos de infantil se fomentará un primer acercamento ás T.I.C., con papel predominante do encerado dixital. ❖ Procurarase que o emprego de certos recursos dixitais non se limite a “áreas estancas” senón que sexa transversal a todas elas para un maior aproveitamento. ❖ A temporalización e secuenciacións específicas para as actividades a levar a cabo na aula ou a nivel curso, virán determinadas polas necesidades organizativas e de programación dos mestres que as vaian a empregar. ❖ A secuenciación e temporalización das actividades incluídas no proxecto Abalar, virán contempladas en cada actividade especificamente.

<ul style="list-style-type: none"> - <u>Audicións – grabacións – vídeo</u>: Grabar, escoitar e/ou visionar para levar a cabo determinadas actividades propostas. - <u>Actuacións específicas como resultado de formar ó Proxecto Abalar</u>. - <u>Sesións de robótica</u>: Ben dentro das áreas de libre elección de 4º e 6º así como noutros momentos que organice o docente nos restantes cursos. - <u>Apertura do obradorio de robótica nunha das horas de recreo</u>, atendidas polo coordinador TIC, para que o alumando poida explorar e complementar o seu traballo cos robots desenvolvidos na aula. 	
<p>Para o profesorado:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Creación de programas educativos. ✓ Cámara dixital para a preparación de materiais. ✓ Elaboración de materiais. ✓ Búsqueda de información. ✓ Autoformación en internet. ✓ Participación en PFPP con liñas de actuación orientadas a STEM e a súa relación co currículo. 	<ul style="list-style-type: none"> ❖ As actividades plantexadas para o profesorado secuenciaranse na medida das posibilidades do centro e dos seus compoñentes. ❖ Actividades e actuacións plantexadas dentro do PFPP en torno á liña de actuación STEM e a súa relación co currículo.
<p>Destinadas á Comunidade escolar no seu conxunto:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ A páxina web como fonte de información. ✓ Habilitar un espazo adicado a A.N.P.A na web do centro. ✓ Fomentar o uso das T.I.C. nas comunicacións co centro (e-mail.) ✓ Uso de tokapp como ferramentas de comunicación coas familias. 	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Estas actividades virán marcadas no seus tempos pola vida cotiá no Centro, quedando marcados polos actos e celebracións que xurdan.
<p>Ó coñecemento do funcionalmente das propias tecnoloxías.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Creación de documentos para o profesorado sobre o uso de determinadas ferramentas tecnolóxicas ✓ Comunicar cursos de formación para o profesorado para aumentar a súa competencia dixital. 	<ul style="list-style-type: none"> ❖ A elaboración destas actividades se fará en función das necesidades que xurdan entre o profesorado.
<p style="text-align: center;">Principios metodolóxicos</p> <p>Ademáis do indicado nas respectivas programacións de aula, a posta en práctica de estas actuacións e actividades respectará o seguintes principios</p>	<p style="text-align: center;">Avaliación e seguimento</p> <p>As actividades propostas serán avaliadas no seu conxunto nas reunións trimestrais, indicadas ó longo do presente plan.</p>

metodolóxicos.

- Fomentar a participación activa do alumnado en todo o proceso, respectando os tempos necesarios para o erro, reflexión posterior e reconstrución do seus esquemas cognitivos.
- Aproveitarase o aspecto motivador das T.I.C. evitando caer na monotonía ou actividades excesivamente rutinarias (salvo que esa sexa a finalidade) e pouco variadas.
- Partirase en todo caso de eidos de coñecemento próximos ó alumno como punto de partida para a súa introducción nas T.I.C.
- Fomentarase o intercambio de ideas e experiencias entre os docentes implicados coa mediación do Equipo para a introducción das T.I.C.
- As actividades plantexadas serán significativas para o alumnado e tenderán a desenvolver o afán por descubrimento e autoaprendizaxe (aprender a aprender)
- Abriranse novos eidos de experiencia (aportar novas motivacións) ós alumnos de xeito gradual e segundo as necesidades didácticas en cada caso.
- Farase un uso transversal das T.I.C. que atendan a todas as competencias básicas e que percorran tódalas áreas, sen consideralas como departamentos estancos.
- Fomentarase o principio de colaboración e traballo en grupo como fonte de adquisición de coñecementos máis eficaz.
- Aproveitarase o potencial das T.I.C. usándoas dun xeito creativo e innovador e non só trasladando as actividades convencionais ós novos recursos.

Nenbargantes cada unha das actividades será avaliada de xeito diferenciado para detectar os déficits, e posibilidades de mellora que xurdan da posta en práctica das mesmas.

As actividades plantexadas para o alumnado contarán asemade, cunha avaliación realizada polos propios titores insertada na súa programación didáctica.

A avaliación de tódalas actividades terá en conta o punto de partida e os logros alcanzados, empregará como ferramenta fundamental a “observación “.

As medidas ou modificacións que sexan necesarias, poderán ser plantexadas en calquera momento ó longo do proceso de posta en práctica das mesmas.

No caso dos obxectivos a longo prazo, avaliarase se a progresión na consecución dos mesmos é a axeitada, introducindo melloras ou axustes de seren necesarios.

3.1.- Medidas específicas para a atención á diversidade e n.e.a.e.

A atención á diversidade é un dos principios xerais que establece a normativa. Pretende que a intervención educativa se axuste gradualmente ás diferencias individuais dos alumnos/as de xeito que poida lograrse unha atención individualizada e personalizada.

Os alumnos con necesidades educacitvas de apoio educativo e necesidades educativas especiais necesitan programas e recursos didácticos para crear un entorno de aprendizaxe

axeitado. Neste sentido as T.I.C. favorecen a comunicación e unha alta motivación do alumno á vez que permiten adaptar o caudal de coñecementos ás necesidades específicas de cada un.

No caso de alumnos con situacións sociais desfavorecidas, o acceso as T.I.C. no centro permite que o alumno/a poida achegarse a elementos tecnolóxicos, que dificilmente podería acadar no seu fogar, logrando desde xeito superar as desigualdades no acceso ás mesmas. Por outra banda supoñen un recursos altamente motivantes.

Para alumnos neae e nee deberán terse en conta unha serie de principios á hora de empregar as T.I.C.:

- Os programas deberán ser axeitados ás capacidades do alumno.
- Deberemos asegurarnos que é quen de empregar os elementos tecnolóxicos, ou facilitar ferramentas que permitan o seu uso autónomo.
- Na medida do posible é preferible facer pequenas modificacións nas aplicacións que están a usar os compañeiros, que asignarlle unha nova ferramenta totalmente diferente á daqueles.
- É preciso recurrir ó potencial motivador das T.I.C. renovando as actividades, ferramentas e evitando a monotonía, o cal non implica esquecer o papel que a repetición puidese ter nalgúns casos.

Os alumnos con “altas capacidades” poderá aproveitar coas T.I.C. aspectos altamente motivantes como son o “aprendizaxe por descubrimento” e a auto-.aprendizaxe, aspectos estes tamén importantes para o resto do alumnado, pero que neste casos adquiren un papel fundamental, xa que permite proponer “retos” que alenten ó alumno a mellorar as súas capacidades.

4.- Organización espacio-temporal.

Tendo en conta que os recursos dispoñibles enumerados no apartado 2.2 deste plan, son limitados se ben se procure aumentar a súa dotación na medida do posible, resulta imprescindible plantexar algún tipo de organización que permita o seu uso de xeito organizado e que á vez supoña o mantemento dos mesmos nas mellores condicións:

Por todo o indicado estableceranse no C.E.I.P. Pedro Antonio Cerviño unha serie de horarios e pautas para o correcto uso dos elementos tecnolóxicos existentes, de xeito que se acade un adecuado aproveitamento por todas as partes implicadas.

4.1.- O Equipo para a introdución e dinamización das T.I.C.

Coa fin de organizar o traballo e para acadar os mellores resultados deste Plan, establecerase ó comezo de curso, un Equipo responsable de organizar e xestionar o planificado para a introdución das T.I.C. nesta planificación. En todo caso ó resto do mestres colaborarán co citado Equipo na medida das súas posibilidades así como aceptando todas aquelas indicacións e orientacións que poidan facerse desde o mesmo.

Este equipo contará cun coordinador que será o encargado, de acordo ó indicado na lexislación ó respecto, de avaliar e facer un seguimento cando menos trimestralmente da evolución do plan, conxuntamente cos coordinadores de ciclo.

O coordinador Edixgal do centro deberá formar parte deste equipo para a introdución e dinamización das T.IC., sendo preferentemente, a mesma persoa que desempeñe os cargos de coordinador Edixgal e coordinador de Equipo, se así se considera segundo as canles de elección establecidos.

Este equipo fomentará unha fluída coordinación entre os diferentes mestres/as do centro neste senso.

4.2.- Horarios de uso da aula de informática e obradoiro de robótica

Ó fin de poder distribuír os recursos dispoñibles na aula de informática (equipo, pantalla interactiva...) establecerase ó comezo de cada curso un horario de uso da aula de informática, na confección do mesmo daráselle prioridade á hora de elixir horas ós especialistas (música, E.F., Inglés, P.T.) de xeito que poidan asignar polo menos unha sesión con cada grupo. Posteriormente cada titor poderá escoller unha sesión para usar a aula co seu grupo.

Este horario é en todo caso flexible, sobre todo tendo en conta que as horas dos especialistas non estarán sempre ocupadas, polo que previa consulta, poderán ser empregadas por outros cursos que o soliciten.

En canto ó **horario de uso da aula taller de robótica**, este será elaborado en base ás necesidades e indicacións dos diferentes docentes, de xeito que poidan optimizarse os recursos dispoñibles.

4.3.- Temporalización

O establecido neste plan está planificado para varios cursos escolares, polo que o seu contido será revisado anualmente, incluíndo as modificacións e melloras que se consideren.

Por outra banda as actividades establecidas deben ser tidas en conta tanto en relación á idade do alumnado ó que se dirixa, como a complexidade de consecución das mesmas. Certas propostas suporán unha planificación de varios cursos, outras pola súa banda serán puntuais.

Do mesmo xeito é probable que ó longo da posta en práctica do mesmo, se poida engadir novas propostas e actividades encamiñadas á consecución dos obxectivos.

4.4.- Normas de uso da aula de informática:

Deberán atenderse ás indicacións realizadas no NOF sobre o uso da aula de informática e o coidado do material tecnolóxico de uso común.

En todo caso, ademais das mesmas deberá terse especial coidado e vixiar os contidos ós que acceden os nenos/as en internet, transmitindo valores de espírito crítico, de seguridade na navegación por internet e hábitos convencionais de cortesía establecidos nas comunicacións na rede.

4.5.- Consideracións organizativas das Aulas Abalar - Edixgal:

O funcionamento das aulas Abalar-Edixgal (5º e 6º), a nivel de organización espacio-temporal, seguirán as directrices e indicacións feitas desde o propio Proxecto Edixgal, así como das decisións tomadas polo propio centro, tendo en conta as aportacións do equipo das T.I.C do coordinador Abalar do centro e de todo o claustro de mestres/as.

Entre estas indicacións, que se incorporarán NOF do centro, contemplamos:

- Incorporación de medidas disciplinarias relacionadas co mal uso do equipamento por parte do alumnado.
- Incorporación de normas de uso do equipamento das aulas Edixgal por parte dos integrantes da comunidade escolar.
- Establecemento dos graos de responsabilidade en relación ó equipamento propio do alumnado e do profesorado, sempre dentro da normativa reguladora do proxecto Edixgal.
- Incorporación do protocolo de actuación nas aulas Edixgal incluído neste plan.

5.- Coordinación coa Biblioteca.

Esta coordinación TIC-BIBLIOTECA é imprescindible nun centro educativo, onde o ambiente alfabetizador e lector debe estar presente en calquera espacio e momento da xornada

educativa do Centro; e formando parte das T.I.C. moito máis tendo en conta o alto valor motivador e incentivador que estas teñen para o alumnado, así como o xurdimento de novos valores na sociedade e na escola; estes valores están moi determinados polo audiovisual actualmente.

Destacar en primeiro lugar, a existencia de 3 equipos informáticos na biblioteca do centro, dende os que se pode acceder a internet, como un recurso informativo e para levar a cabo tarefas de búsqueda de información e investigación.

Tamén se fai uso do programa MEIGA para a organización e xestión dos recursos da biblioteca a través das T.I.C., e para o propio manexo dos alumnos na procura de información sobre libros. Ademais na páxina web do centro incluírase un buscador do programa MEIGA.

Levouse a cabo unha actividade de inauguración da biblioteca, coa elaboración dunha votación online para elección da mascota do mesmo. As mascotas finalistas foron penduradas na web e os alumnos puideron votar de xeito virtual. Cada titor, coas orientación do equipo para a dinamización das T.I.C. organizou os tempos para a votación dos seus alumnos/as.

Outras actividades realizadas na biblioteca como a inauguración e as actuación de contacontos que vaian xurdindo (ata agora realizadas na aula de usos múltiples), así como actividades que forman parte de proxectos de aula, ou a mesma asistencia a ela do alumnado, formando parte do horario de actividades; todo isto procúrase que quede reflexado empregando as T.I.C. (cámara dixital, proxector, scanner, ordenadores e internet...) material co que se levan a cabo a posteriori, murais e actividades gráficas e literarias.

Libro dos gustos de educación infantil: entrevistas, plasmar nun libriño, escaneouse este libro, pasouse a ordenador, visualizouse co proxector e quedou almacenado no ordenador da aula para a disposición dos alumnos e por último se colgou na páxina web do centro como unha actividade a reflexar.

6.- A web do centro

Tal como se indicaba na análise da situación actual, o C.E.I.P. Pedro Antonio Cerviño conta desde o curso 2005-2006 coa súa propia páxina web:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcervinho>

Desde o seu comezo entendimos que o espacio web debería cumprir os seguintes obxectivos:

- Servir de punto de contacto e encontro entre os diferentes membros da comunidade escolar.

- Achegar ós pais/nais ás T.I.C. empregando para elo unha figura motivante, como é a de ver as actividades nas que participaron os seus fillos.
- Achegar ós alumnos/as a internet, plantexando a web como a “porta de entrada” a grande cantidade de información. Nun primeiro momento máis dirixida para pasar posteriormente, dotando ós alumnos/as das estratexias necesarias, a situacións nas que se teña que ser “crítico” e autónomo na búsqueda de información.
- Empregar a web como fonte de información para os diferentes membros da comunidade escolar.
- Poñer á disposición do alumnado e das familias acceso a actividades lúdicas online, pero controladas. Para isto recoméndanse ligazóns a programas educativos e as actividades da futura aula virtual.
- Servir como “traballo de apoio” fóra da aula, plantexando actividades que fagan necesario acceder á web fóra do horario lectivo.
- Ser creativos formando parte na confección da propia web, nas partes que lles corresponda. Aceptando as suxerencias e peticións que sexan factibles.

Este plan plantexa moitas actividades insertadas dentro da web, algunhas delas constitúen en si mesmas unha modificación ou ampliación da propia web. Entre as medidas a tomar para mellora a web destacamos:

- Fomentar unha maior implicación do profesorado no mantemento da web, aportando ideas e contidos. De mesmo xeito téntase que os alumnos/as participen activamente na elaboración e creación da web. Para iso será imprescindible a evolución tecnolóxica da mesma convertíndoa nunha web dinámica, que permita ser modificada por calquera dun xeito sinxelo.
- Manter conversacións coa A.N.P.A. e facilitar ó acceso para que empreguen un espazo dentro da páxina web.
- Crear un aula virtual na que se inclúan actividades de aprendizaxe online: webquest, contactos con outros centros vía webcam, e-mail, foro interno de consulta...
- Ampliar e mellorar os apartados relativos á biblioteca do centro, creando unha zona de “recomendacións literarias” onde os alumnos/as poidan deixar as súas impresións.

- Creación dunha galería de recursos multimedia a disposición de toda a comunidade escolar. O contido de dita galería sería creado polo alumnado do centro insertándoo nas diferentes áreas do currículo e na práctica diaria habitual do mestre.

7.- Formación do profesorado

Atendendo ás indicacións feitas, o Equipo para a introdución das T.I.C. transmitirá ó profesorado ás oportunidades formativas para o incremento da súa competencia no uso das mesmas.

Así mesmo se fomentará entre os docentes hábitos de autoaprendizaxe do emprego das novas tecnoloxías, aportando uns ós outros os coñecementos necesarios para lograr os obxectivos indicados.

Para facilitar o uso de certos elementos tecnolóxicos, e para romper a primeira barreira de reticencia ó seu uso, elaboraranse sinxelos documentos (mini-manuais) que estarán colgados na web á disposición do profesorado.

En todo caso tentarase fomentar o intercambio de experiencias e recursos relacionados coas T.I.C. para o correcto desenvolvemento do plan.

8.- Proxecto Edixgal.

Como participantes no proxecto Edixgal o centro comprométese a cumprir as condicións establecidas polo proxecto tanto no referente ó uso por parte do alumnado como por parte do profesorado, así como o fomento entre as familias dos servizos do Espazo Abalar e o Espazo Virtual de Aprendizaxe.

8.1.- Coordinador Edixgal: Foi nomeado coordinador Edixgal no primerio ano da súa implantación o mestre: Óscar Abilleira Muñiz. Este nomeamento será renovado ou substituída por outra persoa de forma periódica segundo o calendario de renovación establecido. Neste senso sería recomendable que o coordinador Edixgal formase parte do Equipo para a introdución e

dinamización das T.I.C e que, preferentemente unha mesma persoa ocupase ámbalas dúas coordinacións.

Serán funcións do coordinador Edixgal aquelas establecidas na normativa do proxecto e que foron aceptadas no momento da incorporación do centro ó mesmo.

8.2.- PFPP (seminario Edixgal): No primeiro curso de participación no proxecto a totalidade do profesorado do centro participa nesta actividade formación (50 horas) o que está a permitir o incremento da competencia dixital do alumnado, así como o aproveitamento óptimo dos recursos e equipamento Edixgal, na práctica diaria na aula. Fomentarse a posta en marcha de actividades formativas similares para o profesorado do centro en cursos posteriores.

8.3.- Formación continua do profesorado: Unha vez rematado o PFPP estableceranse canles que permitan a formación continua do profesorado, xa sexa a través de actividades de formación, grupos de traballo ou actividades informais de formación, preferentemente dentro do PFPP que se leven a cabo no centro.

8.4.- Protocolo de uso das aulas Edixgal:

Tal como foi acordado establécese un protocolo de actuación e uso das aulas Edixgal para o uso do equipamento dispoñible dunha forma coordinada e eficaz. Ó respecto deste protocolo de actuación cabe destacar as seguintes consideracións:

- O protocolo debe ser coñecido pola totalidade do profesado que participe nas aulas Edixgal, incluíndo aqueles que poidan asistir a substitucións.
- Dito protocolo estará en constante revisión polo equipo para a introducción e dinamización das T.I.C, para engadir as aportacións e modificacións resultantes do uso real nas aulas.
- O protocolo estará presente en cada unha das aulas abalar e deberá ser coñecido polo alumnado das devanditas aulas, sendo o titor de cada aula Edixgal de facelos coñecedores do mesmo.
- Os equipos asignados a cada alumno serán os mesmos durante a duración de todo o ciclo, agás casos excepcionais, seguindo as indicacións do proxecto, sendo responsable o coordinador de asignalos e o titor do grupo de entregalos e asignarlles un contrasinal.
- As familias asinarán o acordo de cesión, segundo o indicado na normativa do proxecto, e non se lle entregará o equipo do alumno ata que dito acordo sexa asinado. O mesmo procedemento será empregado cos equipos do profesorado.

- Os responsables dos equipos serán as familias e profesorado, segundo sexa o caso, nas condicións legais establecidas no proxecto.
- No caso de existir problemas co equipamento de aula, será o coordinador Edixgal quen se encargue e contactar co servizo Premium para a xestión da incidencia.
- Finalizado cada ciclo, os equipos correspondentes ó alumnado de sexto curso serán restaurados polo coordinador Edixgal, ó final do curso ou antes do comezo do seguinte, a fin de que permanezan listos para os novos alumnos e alumnas de quinto que comezen o ciclo, e serán entregados a quen corresponda.
- Calquera problema/incidencia deberá ser comunicado o coordinador Abalar.
- As chaves do carro de carga deberán ser recollidas en secretaría e empregadas unicamente polo docente. Unha vez rematada a súa clase/s (salvos casos acordados entre o equipo docente deste día) deberá pechase o carro de carga. En todo caso, o carro de carga deberá quedar pechado, e chave deixada na secretaría ó finalizar a xornada docente.
- Baixo ningún concepto poderá ser empregado o equipamento Abalar por parte do alumnado sen a supervisión dun mestre/a.
- O NOF do centro contemplará as sancións e outras normas de uso dos equipamentos Abalar.
- O equipamento Abalar será incluído no inventario do centro e mantido ó día.

8.4.- Iniciativas dentro do proxecto Edixgal.

O centro participará e fomentará a participación, en todas aquelas iniciativas que se plantexen dentro do Proxecto Edixgal, así como naquelas actuacións especificamente indicadas pola administración ó respecto.

O centro fará partícipe a toda a comunidade da participación do centro no Proxecto Edixgal, así como das implicacións que isto supón para as familias e os servizos que estas poden empregar. Empregando para este fin, tanto actuacións concretas organizadas polo propio centro como aquelas outras que sexan establecidas pola administración ó respecto.

9.- Avaliación e seguimento do plan

O presente plan será avaliado cada curso coas aportacións e modificacións que se consideren pertinentes, segundo o grao de consecución dos obxectivos plantexados.

Este plan será avaliado polo coordinador do Equipo para a introducción das T.I.C. xunto cos coordinadores dos diferentes equipos de ciclo (D.O.G. 132 – Anexo V da L.O.M.C.E.) cando menos, unha vez por trimestre, o cal no implica que o proceso de control de cumprimento do mesmo sexa continuo ó longo do curso, de xeito que poidan introducirse as modificacións pertinentes.

Ó remate de cada curso académico o Equipo para a introducción das T.I.C. elaborará unha memoria na que se valoren a consecución dos obxectivos plantexados e se propoñan melloras a levar a cabo no futuro.

En relación ó proxecto Edixgal, farase constar na memoria do equipo a presenza, funcionamento e incidencia do proxecto no centro, e concretamente nas aulas nas que foi implantado. Neste senso establecerase un diálogo e cooperación entre o coordinador das T.I.C e o coordinador Edixgal do centro.

10.- Difusión do plan na comunidade escolar

O Plan para a Introducción as T.I.C. no C.E.I.P. Pedro Antonio Cerviño será difundido por tódolos medios posibles á comunidade escolar.

Este documento estará a disposición de calquera membro da comunidade escolar que así o solicite, sendo informados a A.N.P.A. da existencia do mesmo. Así mesmo os titores/as mencionarán a existencia deste plan nas súas reunións de comezo de curso.

Para maior difusión, unha vez aprobado, este plan permanecerá accesible na súa integridade na páxina web do Centro.